

2014/2015: Unha mirada subxectiva do cotián

TEMÁTICA DA EXPOSICIÓN

Fotografía de rúa, tamén coñecida como "street photography", en branco e negro.

RESEÑA DA EXPOSICIÓN

As rúas das nosas aldeas, vilas ou cidades, son inmensos escenarios do teatro da vida. Cada día, as persoas na súa andaina vital, escenifican múltiples actos que normalmente nos pasan desapercibidos. Se por un momento nos paramos, veremos cantidade de situacións cotiás, historias ao fin e ao cabo, dignas de plasmar e documentar. Eu fágoo dende o meu punto de vista, interpretando a realidade de xeito subxectivo.

Eses instantes, dependendo do lugar onde se dean, aínda que poden manter similitudes, son diferentes. A vida non leva o mesmo ritmo nunha aldea ou vila ca nunha cidade. As desta exposición, foron tomadas nas miñas viaxes e paseos que, sen ningún obxectivo concreto ou predeterminado máis co de observar o modo de proceder dos demais, tentei captar eses momentos únicos e irrepetíbeis. Situacións normais ou curiosas, pertencen a xentes de vilas e cidades da Galiza, Portugal, España, República Checa, Alemaña e Hungría e foron tomadas durante os dous últimos anos.

A miña mirada, como a de calquera outra persoa é subxectiva. Calquera outra persoa, pode ter, seguramente ten, outra visión das cousas. En todo caso, as imaxes que achego neste traballo, espero sirvan para que imaxinen as historias que sempre hai detrás delas, e as interpreten libremente.

FORMATO

Consta de entre 30 e 40 fotografías en tamaños 30x40, 40x60 e 50x75 impresas en papel fotográfico de alta calidade, Canson Photo Satín Premiun RC 270 gr, montado sobre passepourt, marco de aluminio negro e cristal mate antireflexos.



Alberte A. Pereira nace na Guarda en 1964. Vive no Rosal dende o 1996.

Son practicamente autodidacta. A miña afección pola fotografía ven de fai tempo. Coa miña primeira cámara analóxica, nos anos 80, tiven os primeiros contactos coa fotografía. É en xaneiro de 2012 cando realmente me implico máis, coa adquisición da primeira réflex dixital. Posteriormente adquirín unha pequena Fuji X100S coa lente fixa 23mm (equivalente a un 35mm en formato completo), e a X-T1 coa que actualmente me adico a percorrer as rúas, documentar e ser testemuña do que pasa nelas. Teño asistido a diversos cursos de formación, tanto estritamente técnicos como específicos de fotografía de rúa. Apaixonado da fotografía en branco e negro, estou facendo incursións na cor ultimamente. A rúa é o meu entorno favorito. Diversos portais especializados onde publico teñen seleccionado algunha das miñas fotos, como Street Core Photography, Old Pure Street Photography, Street View Photography, Urban Street Photography Gallery, entre outros.

Participei na 1ª Exposición Colectiva do grupo Galiza B/N coa fotografía "Cyclist".

"Unha mirada subxectiva do cotián" é a miña primeira exposición en solitario.